

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE MARZO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00013621M.

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2024.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00035869Q.

[Adxudicación do contrato “Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (Chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela” a AXATON SL.]

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a única oferta presentada e cumprir cos requisitos esixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto a Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela a AXATON SL. Presenta unha proposición económica de 129.240,10 € (base impositiva de 106.810,00 € máis IVE do 21% de 22.430,10 €).

Segundo: aprobar e comprometer un gasto por importe de 129.240,10 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 2210400.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00008454J.

[Aprobación do expediente de contratación “Servizo de Festa dos maiores 2024-2025”, cun orzamento base de licitación de 99.792,00 €.]

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Servizo de Festa dos maiores 2024-2025, cun orzamento base de licitación de 99.792,00 € (base impositiva de 90.720,00 € e IVE do 10% de 9.072,00 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, ao abeiro do artigo 159 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 99.792,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900, coa seguinte desagregación por anualidades: 49.896,00 € (2024), 49.896,00 € (2025). TOTAL 99.792,00 €.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00036017A.

[Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Repavimentación da Praza da Nosa Mercé de Conxo”.]

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder á recepción das obras de “Repavimentación da Praza da Nosa Mercé de Conxo”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección

Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da enxeñeira de camiños do Servizo de Obras e Proxectos supervisora municipal das obras, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: **2021/00058177E.**

Aprobación do plan de emerxencias para o abastecemento urbano da auga en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar o Plan de emerxencias para o abastecemento urbano da auga en Santiago de Compostela.

6. IGUALDADE-MULLER. Referencia: **2024/00000353P.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio, investigación e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2023

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio, investigación e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2023.

7. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: **2024/00011921F.**

Aprobar a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios básicos por unha contía de 2.621.742,96€ (dous millóns seiscentos vinteun mil setecentos corenta e dous euros con noventa e seis céntimos), sobre un orzamento total de 6.265.725,86 €.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios básicos por unha contía de 2.621.742,96€ (dous millóns seiscentos vinteun mil setecentos corenta e dous euros con noventa e seis céntimos), sobre un orzamento total de 6.265.725,86 €. De concederse, tería unha achega municipal de 3.597.840,90 € (tres millóns cincocentos noventa e sete mil oitocentos corenta euros con noventa céntimos), que supón unha porcentaxe do 57.42 % sobre o orzamento total do proxecto. O Concello de Santiago de Compostela ven desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. A solicitude que se aproba ten o seguinte detalle:

a) Persoal: 244.429,00 €

PERSONAL SOLICITUDE DE SUBVENCION 2024				
CONCEPTO	CUSTO TOTAL POR CONCEPTOS	Subv Solicitada		Achega Concello
		Nº profesionais	Importe	
PRORROGA				

1.1 T.G.S-Licenc. en dereito	87.683,52	1	20.229,00	67.454,52
1.2 D. en Traballo Social	688.856,27	12	190.570,00	498.286,27
1.3 Titulado medio/E. Social	130.814,94	2	33.630,00	97.184,94
TOTAL Prorroga	907.354,73	15	244.429,00	662.925,73

Todos estes gastos corresponden a persoal do cadro de persoal vixente do Concello.

b) Axuda no fogar:

- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 100.000 €
- Modalidade para persoas valoradas como dependentes 2.143.002,00 €

PROPOSTA SOLICITUDE ANO 2024			
	Achega municipal	Solicitud	TOTAL
SAF libre	624.157,70	100.000,00	724.157,70
SAF dependencia	2.386.515,51	2.143.002,00	4.529.517,51
TOTAL	3.010.673,21	2.243.002,00	5.253.675,21
	57,31	42,69	100,00

c) Programa de menores (reforzo dos equipos de infancia e familia): 52.347,96 €

No 2024, a Xunta de Galicia contará cunha nova partida orzamentaria que destinará especificamente a financiar os programas das corporacións locais que consistan en

- reforzar os equipos de infancia e familia da rede de servizos sociais de atención primaria e
- proporcionar á cidadanía uns servizos sociais axeitados que permitan a prevención e detección precoz de calquera tipo de risco de violencia cara á infancia.

Así, solicítase o financiamento do 50% da xornada laboral das profesionais que executan o programa:

TRABA LLADOR	TOTAL BRUTO	SS. CONCELLO	TOTAL	SUBVENCION SOLICITADA	OUTRAS SUBVENCIONS	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
1	39.712,80	13.419,48	53.132,28	26.566,14	17.466,00	9.100,14	53.132,28
2	39.152,28	12.411,36	51.563,64	25.781,82	17.466,00	8.315,82	51.563,64
TOTAL E. SOCIAL MENORES	78.865,08	25.830,84	104.695,92	52.347,96	34.932,00	17.415,96	104.695,92

E segundo se especifica no resumo que se achega:

ROPOSTA 2024					
ATENCIÓN PRIMARIA		Achega municipal	SOLICITUDE	Outras achegas	ORZAMENTO TOTAL
PERSONAL		662.925,73	244.429,00	0,00	907.354,73
TOTAL PERSONAL		662.925,73	233.219,00	0,00	907.354,73
AXUDA NO FOGAR					
Programa básico de axuda no fogar		624.157,70	100.000,00	0,00	724.157,70
Programa de axuda no fogar para persoas dependentes valorados		2.293.341,51	2.236.176,00	0,00	4.529.517,51
TOTAL AXUDA NO FOGAR		2.917.499,21	2.336.176,00	0,00	5.253.675,21
PROGRAMAS					
Inclusión	Menores	17.415,98	52.347,98	34.932,00	104.695,92
TOTAL PROGRAMAS		17.415,98	52.347,98	34.932,00	104.695,92
TOTAL GLOBAL		3.597.840,90	2.621.742,96	34.932,00	6.265.725,86

Segundo.- Aprobar o compromiso deste concello a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos para o ano 2024. A contía solicitada é de 2.621.742,96€ (dous millóns seiscentos vinteun mil setecentos corenta e dous euros con noventa e seis céntimos), que supón unha porcentaxe do 41.84 % sobre o orzamento total do proxecto, cunha achega municipal de 3.597.840,90€ (tres millóns cincocentos noventa e sete mil oitocentos corenta euros con noventa céntimos), que supón unha porcentaxe do 57.42 % sobre o orzamento total do proxecto. Todos os gastos a cargo do Concello contan con consignación orzamentaria, e a contía aportada en concepto de cofinanciamento non suporía ningún custo engadido para o Concello.

Terceiro.- Declarar expresamente que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior

Cuarto.- Declarar expresamente as axudas públicas solicitadas e concedidas para o desenvolvemento dos Servizos Sociais Comunitarios por parte doutras administracións (Deputación da Coruña), por un total de 124.804,34 € (cento vintecatraz mil oitocentos catro euros con trinta e catro céntimos). Esta contía se detalla en:

- Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.....23.876,50€. Non se recolle nesta solicitude ao non solicitarse financiamento, e non existir polo tanto concorrencia de subvencións.

Esta contía corresponde á contratación dun grao/diplomado en terapia ocupacional. Solicitado informe ao departamento de persoal (emitido polo director de área de administración con data 8 de febreiro de 2024), se recollen os custos de 23.876,50 € para un contrato de 6 meses.

- Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás

persoas soas ou familias en risco de exclusión social.....927,84€. Non se recolle nesta solicitude ao non solicitarse financiamento, e non existir polo tanto concorrencia de subvencións.

Esta contía inclúese dentro da partida orzamentaria adicada a este fin, cun importe de 1.072.000,00 €.

- Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.....100.000,00€. Non se recolle nesta solicitude ao non solicitarse financiamento, e non existir polo tanto concorrencia de subvencións

8. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013555P.

Caducidade das autorizacións de uso das hortas municipais e apertura de novo prazo para a solicitude de autorización de uso das hortas municipais en Campo das Hortas. |

Acórdase:

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Campo das Hortas outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da *Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos*, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais de Campo das Hortas que abrangue dende o día 8 ao 19 de abril de 2024 (ambos os dous incluídos).

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012):

- Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia e maiores de 65 anos.
- Persoas veciñas maiores de 65 anos.
- Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia.
- Persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas se adjudicaran mediante sorteo por grupos de prelación.

Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas, que estará formada polo concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos do Animais, Servizos Básico Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras (Presidente), o encargado-xefe de Parques e Xardíns (Vogal) e o xefe de sección de Biodiversidade (Secretario).

9. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013572W.

Caducidade das autorizacións de uso das hortas municipais e apertura de novo prazo para a solicitude de autorización de uso das hortas municipais en Santa Marta |

Acórdase:

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Santa Marta outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais de Santa Marta que abrangue dende o día 8 ao 19 de abril de 2024 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012):

- a) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia e maiores de 65 anos.
- b) Persoas veciñas maiores de 65 anos.
- c) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia.
- d) Persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas se adxudicaran mediante sorteo por grupos de prelación.

Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas, que estará formada polo concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos do Animais, Servizos Básico Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras (Presidente), o encargado-xefe de Parques e Xardíns (Vogal) e o xefe de sección de Biodiversidade (Secretario).

10. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013543L.

Caducidade das autorizacións de uso das hortas municipais e apertura de novo prazo para a solicitude de autorización de uso das hortas municipais en Belvís de Abaixo. |

Acórdase:

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Belvís de Abaixo outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo a que abrangue dende o día 8 ao 19 de abril de 2024 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012):

- a) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia e maiores de 65 anos.
- b) Persoas veciñas maiores de 65 anos.
- c) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia.
- d) Persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas se adxudicaran mediante sorteo por grupos de prelación.

Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas, que estará formada polo concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos do Animais, Servizos Básico Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras (Presidente), o encargado-xefe de Parques e Xardíns (Vogal) e o xefe de sección de Biodiversidade (Secretario).

11. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: **2024/00013372D**.

Caducidade das autorizacións de uso das hortas e convocatoria novo prazo para a solicitude das hortas de Caramoniña. |

Acórdase:

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Caramoniña outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais do parque de Caramoniña, que abrangue dende o día 20 de marzo ao 4 de abril de 2024 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012):

- a) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia e maiores de 65 anos.
- b) Persoas veciñas maiores de 65 anos.
- c) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia.
- d) Persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas se adxudicaran mediante sorteo por grupos de prelación.

Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas, que estará formada polo concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos do Animais, Servizos Básico Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras (Presidente), o encargado-xefe de Parques e Xardíns (Vogal) e o xefe de sección de Biodiversidade (Secretario).

12. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: **2024/00013343A.**

Caducidade das autorizacións de uso das hortas e convocatoria novo prazo para a solicitude das hortas de Belvís de Arriba.]

Acórdase:

PRIMEIRO: Confirmar a caducidade das autorizacións de uso das hortas de Caramoniña outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas titulares que figuran no informe do Departamento de Parques e Xardíns, unha vez transcorrido o prazo máximo de duración previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer un prazo de dez días hábiles para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais do parque de Caramoniña, que abrangue dende o día 20 de marzo ao 4 de abril de 2024 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRO: Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais. Son criterios de prelación para a concesión da autorización os recollidos no artigo 5 da ordenanza (interpretado por acordo de XGL de 12.03.2012):

- a) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia e maiores de 65 anos.
- b) Persoas veciñas maiores de 65 anos.
- c) Persoas veciñas con domicilio nun radio de 500 m/l dende a horta de referencia.
- d) Persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas se adjudicaran mediante sorteo por grupos de prelación.

Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

CUARTO: nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas, que estará formada polo concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos do Animais, Servizos Básico Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras (Presidente), o encargado-xefe de Parques e Xardíns (Vogal) e o xefe de sección de Biodiversidade (Secretario).

13. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: **2023/00048438G.**

Rectificación do erro existente no acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de marzo de 2024 relativo á “Aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do Concurso de decoración de Nadal veciñal 2023/2024.]

Acórdase:

Único. Rectificar o erro existente no acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de marzo de 2024 relativo á “Aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do Concurso de decoración de Nadal veciñal 2023/2024”, de xeito que a parte resolutiva do acordo queda redacta do seguinte teor literal:

Primeiro. Aprobar a concesión e xustificación conxunta, e recoñecemento da obriga dos premios do Concurso de decoración de Nadal veciñal 2023/2024, por importe de 2.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 070 33404 4890100/2024 segundo os seguintes premios:

1º Premio de 500 € a Juana María Rodríguez Salvado

2º Premio de 500 € a Ana María Cepeda González

3º Premio de 500 € a Juan Manuel Lago Sambad

4º Premio de 500 € a María Ángeles Caulonga Fernández

Segundo: Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento destes premios con cargo á partida orzamentaria 070 33404 4890100 dos orzamento municipais de 2024. |

14. DEPORTES. Referencia: **DEP 6/2024.**

| Aprobación do proxecto técnico de “Renovación da infraestrutura de iluminación e do peche perimetral suroeste do campo de fútbol municipal de As Cancelas”. |

Acórdase:

Aprobar o proxecto de “Renovación da infraestrutura de iluminación e do peche perimetral suroeste do campo de fútbol municipal de As Cancelas”, cun orzamento total de execución material de 154.886,49 €, coas seguintes condicións:

- Orzamento total: O orzamento base de licitación é por valor de 184.314,92 € + 21% IVE.
- O prazo de execución previsto é de SEIS (6) SEMANAS.

15. DEPORTES. Referencia: **2024/00013756W.**

| Prórroga do contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”. |

Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L., ata o 19 de maio de 2025, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no Consello de Administración do Consorcio da Cidade de Santiago respecto da encomenda da xestión ao Concello de Santiago do complexo deportivo “Multiusos Fontes do Sar”.


16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00012660X.**

| Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 233/2020CA1. Satisfacción extraprocesual sobre cese de persoal. |

Resolución: Sentenza núm. 12/2024, de 19 de xaneiro, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Obxecto: Anulación do Decreto da Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de 16.03.2020, polo que se dispón o cese, por desaparición da causa de nomeamento, dos recorrentes como funcionarios interinos do Concello de Santiago de Compostela. Declaración do dereito dos recorrentes a seren reintegrados ao Concello de Santiago, en condición de funcionarios, ou en todo caso empregados públicos, fixos, e a permanecer no posto de traballo que viñan desenvolvendo, cos mesmos dereitos e con suxeición ao mesmo réxime de estabilidade e inamobilidade que rexe para os funcionarios de carreira comparables.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN A sentenza declara a satisfacción extra procesual e a perda sobrevida de obxecto do recurso contencioso-administrativo posto que o propio Concello, en resolución de 31.02.2022 incluíu as prazas que viñan ocupando os demandantes na oferta extraordinaria de estabilización.



CONCELLO DE SANTIAGO

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución.

17. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: **2024/00013621M.**

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 8 e o 14 de marzo de 2024.